

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE OUTUBRO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

2083/07.- **Urbanizadora Ibis, S.L.**- Edificio (27 viv) nos bloques 2 e 3 do PERI-5 de San Lázaro.-  
172/08.- **Aluminio Pipor, S.L.**- Lelgaliz. Modificacións executadas na nave levada a cabo na parcela C 25 do SUNP-34.

791/08.- **Manuela Castro Bello.**- Derruba, construcción e rehabilitación dunha construcción existente no patio para ADEGA, na parcela sita na R/ Vista Alegre núm.115.

#### DENEGADAS.-

1669/08.- **Antonio Quintela Hernández.**- Derruba interior e substitución de cuberta da edificación sita na Rúa Costa do Veedor núm.25.-

#### PARCELACIONES.-

1981/06.- **Promociones Gudalupe Norte, S.L.**- Parcela sita la Travesía do Cendal (+).-

1981/08.- **Enrique Rama Blanco.**- Parcela 1569 de concentración de Cesar, Barciela (+).-

1555/08.- **José Calviño Cutrín.**- Parcela sita no núm. 26, 27 da Ribeira de San Lourenzo (+).-

1934/08.- **Mª Carmen González Leis.**- Parcela sita no Lugar de A Torre s/n, Agra da Pena, finca 751 de concentración de San Cristobo de Enfesta (+).-

#### PRORROGA.-

1523/08.- **Georgina Soto Fajín.**- Substitución de cuberta na Rúa Vite de Abaixo núm.21.-

### **SUBSANACIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 29 DE XULLO DE 2008**

2531/07.- **Francisco Otero Pazos.**- Parcelación de parcela sita na R/ Sta Lucía núm.54.-

#### DEVOLUCIÓN FIANZAS.-

1274/08.- **Franciscanas de la Madre del Divino Pastor.**- ....Expte...980/04.....2.000 €.-

2019/08.-**Promociones Fernández Taboada.**- ....Expte.....1826/05.....4.500 €.-

2018/08.- **Promociones Fernández Taboada.**-....Expte.....2403/05.....3.600 €.-

1153/08.- **Proyelinka, S.L.**- .....Expte....1688/03.....1.623 €.-

1422/08.- **Reyal Urbis, S.A.**-.....Expte...159/05.....18.000 €.-

1437/08.- **Inmob. Domínguez Vázquez, S.A.**-.....Expte....969/93.....480,81 €.-

1436/08.- **Inmob. Domínguez Vázquez, S.A.**-.....Expte....763/91.....27.896,09 €.-

1481/08.- **Investimentos Inmobiliarios del Noroeste, S.L.**-...Expte...760/00.....5.400.000 Ptas...(32.454,65 €).-

1571/08.- **Inmobiliaria Domínguez Vázquez, S.A.**- .....Expte...25/00.....3.005,06 €.-

1650/08.- **Federico Manuel Garrido Villa.**- .....Expte...866/04.....1.500 €.-

1697/08.- **Mª Isabel Mourullo Vidal.**-.....Expte...640/06.....3.000 €.-

### OCIHR

### LICENZAS

#### MODIFICACIÓN DE LICENZAS

LIC/2120/2005.- **CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.**- Modificación da licenza concedida para restauración de planta primeira claustro sur do Convento de Santa Clara.

LIC/1959/2005.- **ANGEL JOSÉ BUJAN OTERO.**- Modificación da licenza concedida na Xunta de Goberno Local de 2 de maio de 2006 para execución de vivenda unifamiliar na Corredoira das Fraguas nº 78.

#### DISCIPLINA.-

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

**DIS/532/2008.- DNA MARIA LUISA SOUTO SOUTO.**- Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa de Santa Clara, 4. Importe. 601,00€.

**DIS/1362/2007.- DNA MARIA LIZARAZU ARCELUS.**- Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa Nova nº 26. Importe. 601,00€.

**4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**  
Apróbanse axudas por importe de 2.163 euros.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre construccions, instalacions e obras; no imposto sobre actividades económicas; no imposto sobre bens inmobles; nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de resíduos sólidos urbanos.**  
Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de recursos de reposición interpostos contra a aprobación definitiva do proxecto de expropiación do solo urbanizable non programado número 12 (SUNP-12) de Lamas de Abade, tramitado polo procedemento de taxación conxunta.**

Estímanse parcialmente dúas alegacións e desestímanse outras tres.

**17.- Propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas a cesión de casetas da Praza de Abastos.**

Apróbase a cesión de seis casetas.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade e Seguridade cidadá relativa á montaxe do espectáculo "Marcos Cesar acción Motor".**

Autorízase a montaxe do devandito espectáculo no aparcamento de autobuses de Salgueiriños os días 25 e 26 de outubro e o 1 e o 2 de novembro.

**19.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento dunha rúa.**

Noméase como "Praza Marcial Villamor Varela" a confluencia da rúa do Olvido coa rúa Castrón D'ouro.

**20.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de convenios entre o Concello e diversas Entidades.**

Apróbanse os convenios entre a Concellaría de Benestar Social e as seguintes entidades para 2008:

- Asociación de Trastorno Unipolar e Bipolar de Galicia (ABISGA): 2.200 euros.
- Asociación de Loita contra as Enfermidades do Ril (ALCER CORUÑA): 2.200 euros.
- Asociación Internacional Teléfono da Esperanza (ASITES): 2.200 euros.
- Asociación cultural Xoán XXIII: 13.300 euros.
- Asociación Española contra o Cancro (AECC CORUÑA): 2.200 euros.
- Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home: 29.751 euros.
- Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista (ASPANAES): 3.100 euros.
- Escola de tempo libre e animación socio-cultural Don Bosco: 2.200 euros.

- Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos da Personalidade (TP-GALICIA): 2.200 euros.
- Universidade de Santiago de Compostela, Voluntariado Social: 2.705 euros.
- Fundación Secretariado Xitano: 19.700 euros.
- Cruz Vermella: 11.000 euros.
- Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela: 8.500 euros.
- Asociación Voluntarias da Caridade de San Vicente de Paúl: 4.306 euros.
- Cociña Económica: 10.217 euros.
- Cáritas Interparroquial: 35.000 euros.
- Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS): 2.705 euros.
- Asociación Itineraria de Voluntarios en Saúde Mental: 2.200 euros.
- Seminario Galego de Educación pola Paz: 1.700 euros.
- Asociación compostelá de dano cerebral "Sarela": 2.200 euros.
- Asociación Galega de Espina Bífida e Lesionados Medulares: 2.200 euros.
- Asociación Galega de Lupus (AGAL): 2.200 euros.
- Asociación Fonte da Virxe de familiares e amigos de enfermos mentais: 3.700 euros.
- Asociación compostelá de Esclerose Múltiple: 2.705 euros.
- Asociación Síndrome de Down Compostela: 2.705 euros.
- Asociación Galega de Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer: 3.306 euros.
- Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia (ABAGAL): 2.200 euros.
- Asociación cultural galega de formación permanente de adultos (Aulas da Terceira Idade): 2.200 euros.

**21.- Diversas propostas relativas ao aboamento de primas de xubilación de persoal ano 2008.**  
Apróbanse 13 primas de xubilación de persoal por un importe total de 327.355 euros.

**22.- Proposta de diversas concellerías delegadas relativa á aprobación das actividades e orzamento do programa NADALXOGO 2008.**  
Apróbanse as actividades de Nadalxogo 2008, a realizar no Multiusos Fontes do Sar, e un orzamento de 102.000 euros.

**23.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de deseño, edición e impresión de 35.000 calendarios de mesa do ano 2009.**  
Apróbase o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade e un tipo de licitación de 33.000 euros.

**24.- Dar conta de resolución da concelleira delegada de Servizos relativa á autorización de obras de ampliación de instalacións de alumeadío público.**  
Autorízase á empresa DAVIÑA, SL a executar as obras de ampliación de instalacións de alumeadío público no acceso desde a rúa dos Irmandiños ata o edificio Witland en Salgueiriños, por importe de 2.899 euros con cargo á partida fixa contemplada no contrato de xestión da iluminación municipal.

## **URXENCIAS**

### **1.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento por prestación de servizos extraordinarios e plus de transporte.**

Abóanse servizos extraordinarios e plus de transporte por un importe total de 61.096 euros.

### **2.- Propostas da concelleira delegada de Rehabilitación relativa á concesión de axudas a rehabilitación de inmobles da cidade histórica e remisión destas a comisión executiva do consorcio.**

Aprobábanse axudas definitivas para 4 vivendas e unha para elementos especiais de madeira.

### **3.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á elaboración de bases para confeccionar listas de agarda na banda municipal de música.**

Acórdase a elaboración das bases para unha lista de agarda para a substitución de músicos da Banda.

### **4.- Dar conta da inviabilidade da modificación do vixente contrato do servizo de axuda no fogar.**

Dáse conta da non procedencia da ampliación do contrato coa empresa adxudicataria.

### **5.- Adxudicación provisional do servizo de redacción do proxecto da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á cidade. Vista Alegre desde avda. de Castelao ata a Ponte do Romaño.**

Adxudícase provisionalmente o servizo á empresa LKS INGENIERÍA S. COOP., por importe de 56.540 euros e un prazo de execución de tres meses.

### **6.- Adxudicación provisional do servizo de redacción do proxecto constructivo, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da reurbanización dos entornos urbáns de acceso á cidade . avda. de Castelao.**

Adxudícase provisionalmente o servizo á empresa PROYFE, SL., por importe de 138.870 euros e un prazo de execución de dous meses para a redacción do proxecto. .

### **7.- Adxudicación provisional do proxecto constructivo da reurb. dos entornos urbáns de acceso á cidade. rúa Galeras-Salvadas-Vista Alegre ata o cruce con avda. de Castelao.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa OFICINA DE PLANEAMIENTO SA., por importe de 107.880 euros e un prazo de execución de oito semanas.

### **8.- Adxudicación provisional do servizo de redacción do proxecto da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á cidade. Rosalía de Castro desde Romero Donallo-Santa Marta-Choupana-Volta do Castro.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa COTECNO SA., por importe de 83.404 euros e un prazo de execución de dous meses e medio.

### **9.- Adxudicación provisional do servizo de redacción do proxecto constructivo, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de reurbanización dos entornos urbáns de acceso á cidade. Fonte dos Concheiros-rúa das Fontiñas-rúa do Valiño.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa COTECNO SA., por importe de 89.946 euros e un prazo de execución de dous meses e medio.

**10.- Adxudicación definitiva do subministro e instalación de equipamento para a área de xogos do parque da alameda.**

Adxudícase definitivamente o subministro e instalación de equipamento para a área de xogos do Parque da Alameda á empresa LAPPSET ESPAÑA VR SL, por importe de 117.823 euros.

**11.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación da sustitución de lámpadas de incandescencia por leds en diversos semáforos da cidade.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e o inicio da contratación da substitución de lámpadas de incandescencia por leds nos seguintes semáforos da cidade: cruce avenida Castelao-Burgo das Nacións; cruce das rúas Hórreo-Pitelos; cruce rúas Galeras-García Sabell; praza Puente Castro e paso de peóns na semirrotonda da Choupana. Por procedemento negociado sen publicidade e un tipo de licitación de 30.148 euros.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á modificación do contrato de obras de construcción e xestión dun aparcamento na Choupana.**

Modifícase o contrato asinado con data 24 de setembro de 2001 coa mercantil PROYFE, SL, incorporando ao seu obxecto a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das obras incluídas no proxecto modificado do aparcamento da Choupana, traballos que supoñen un importe de 11.948 euros e que serán financiados pola empresa concesionaria do aparcamento, a UTE METROPARK APARCAMIENTOS SA - VÍAS Y CONSTRUCCIONES AS.

**13.- Adxudícanse os traballos para a redacción do Plan de Autoprotección, emerxencia e evacuación de centros de traballo do Concello de Santiago á empresa EULEN SEGURIDAD, SA, por un importe de 17.110 euros.**

**14.- Acórdase solicitar unha subvención por importe de 24.500 euros ao Ministerio de Sanidade e Consumo con cargo ao Fondo de Bens decomisados por tráfico de drogas para desenvolver programas de prevención de drogodependencias.**

**15.- Apróbase a concesión de subvencións para o fomento do movemento asociativo e de defensa da muller para 2008 por un importe total de 17.737 euros.**